

Dous adeuses

PISCATOR

O ano 2003 marchou levando na súa cauda a Xela Arias (Lugo, 1962), unha poeta sen a que resulta pouco doado entender toda a pleiade de mozas que andan a tecer en galego esa poesía nova, rebelde con causa, máxica e subversiva. Con efecto Xela Arias, falecida en Vigo, a cidade na que morou a meirande parte da suá corta vida, subliñara con *Denuncia do equilibrio* (1986) que dentro do ámbito culturalista que daquela imperaba era posible deseñar novas canles expresivas baseadas na expresión do cotián mais cunha apertura rupturista, *desequilibrada* a partir dun verso libre aínda que cheo de recursos clásicos que xurdían apenas aloumiñabas a tona de poética tan intelixente como chea de xogos lumínicos. *Tigres coma caballos* (1990) fora un curioso experimento de poemas e fotografías debidas a Xulio Gil no que rebentaba un erotismo culto e pudoroso no que as raíces cotiás de novo facían das súas desde cernes ás veces bolerísticos, outras directamente esenciais. *Intemperíome* (2003) sería a despedida de Xela Arias, sempre tan rigorosa como pouco prolixa na súa escrita, agora minimalista do sentimento e subversiva co verso e a sintaxe. Marchou Xela Arias, con ela todo o fascinio e o misterio dunha poesía radical e xa que logo insurxente.

Apenas encetado o pan do 2004 vaise tamén, tan nova aínda, Luísa Villalta (A Coruña, 1957),

violinista profesional e escritora, dinamizadora cultural igualmente, que traballaba o verso, a prosa e o drama con afán de persoa adicada á causa vital o que fai especialmente triste morte tan súpeta. Luísa comezara o camiño poético con *Sete haikús* (1985) e *Música reservada* (1991), exemplos ambos de ritmo extremo o sabedoría conceptual que indicaban novos vieiros explorativos. Tamén de 1991 é a súa iniciación narrativa en *Silencio, ensaiamos*, obra de pegada surrealista e chea de atmosferas obsesivas. *Ruído* (1995) foi o envés poético de *Música reservada* pero sempre expresión enérxica do concepto radical prodigado por Luísa, rigorosa, meticulosa, negadora decote de arte pola arte. Luísa Villalta escribía para o futuro e rexeitaba calquera preocupación que non fose a relativa a unha escrita disposta e belixerante. *Teoría dos xogos* (1997), se cadra a mellor novela de Villalta, posuía o seu aquel de maneiras ao xeito de Bernhard, o autor austriaco ao que Luísa tiña en grandísima estima. Outra solitaria –outro lobo estepario– que protestaba contra dun mundo mal feito a través da perfección. Como Luísa Villalta, morta na Coruña nos primeiros días de marzo, deixando detrás súa un futuro amplo e rebelde.

PISCATOR

